

7 Marzo de 2016 - Revista 1063

Revista Semanal

da Rede Galega de Información Xuvenil



EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACION / 7

BOLSAS E AXUDAS / 10

PREMIOS E CONCURSOS / 23

NOVAS DE EMPREGO / 28

EN PORTADA

Xuventude adianta en Lugo a publicación dunha nova orde de axudas para proxectos de voluntariado de entidades dotada con 145.000 euros

Martes, 01 Marzo 2016 09:42



A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, mantivo hoxe en Lugo a segunda xuntanza de traballo cos mozos e mozas que participaron ao longo de 2015 nos diferentes programas postos en marcha pola Dirección Xeral, entre eles **Iniciativa Xove**, **Voluntariado Xuvenil**, **Galeuropa** ou **Deseñando o teu futuro**.

Alí, a directora xeral adiantou que en 2016 publicarase unha nova **Orde de axudas de Fomento de Actividades de Voluntariado** dotada con **145.000 euros**. A esta Orde poderán acollerse as entidades de voluntariado inscritas no rexistro oficial. Xunto á **Orde de Voluntariado Xuvenil**, que conta con outros **375.000 euros**, o departamento de voluntariado incrementa este ano o seu orzamento un 4% con respecto a 2015.

A xuntanza cos mozos e mozas ten como obxectivo escoitar as súas conclusións na hora de participar nos diferentes programas, co fin de coñecer as súas ideas, queixas ou dúbidas para recollelas e así poder mellorar as prestacións dos recursos que a Dirección Xeral programa para a mocidade de Galicia. En verbas de Cecilia Vázquez, a Xunta "considera prioritario que os rapaces tomen parte activa e se impliquen ao máximo nos plans de futuro e no desenvolvemento da programación de Xuventude".

Nesta ocasión, os mozos e mozas que participaron na xuntanza foron os das comarcas de *A Mariña*, *A Fonsagrada*, *Meira*, *Terra Cha*, *Os Ancares*, *A Ulloa* e *Lugo*. Ademais, Cecilia Vázquez tamén mantivo unha xuntanza con alcaldes e concelleiros de xuventude destas comarcas, co obxectivo de coordinar e mellorar as políticas de mocidade que se prestan de xeito conxunto entre os concellos e a administración autonómica e poder presentar a programación da Dirección Xeral para 2016.

En total, nos meses de febreiro, marzo e abril Cecilia Vázquez mantén un total de 14 encontros con mozos e mozas de toda Galicia e cos responsables de xuventude dos concellos. A primeira das xuntanzas tivo lugar en Chantada e ademais desta de Lugo tamén se celebrarán en Noia, Melide, Ferrol, A Coruña, Lalín, Vilagarcía, Pontevedra, Santiago, Ourense, Vigo, Betanzos e Carballo.

Xornada de Coaching e Marca persoal

Martes, 01 Marzo 2016 12:22



O **29 de febreiro** desenvolveuse no **Centro Coordinador de Información Xuvenil** unha xornada de **Coaching** e marca persoal á que asistiron 35 persoas.

A xornada constou de dous obradoiros de tipo teórico-práctico orientados a desenvolver o potencial persoal para emprender proxectos nas mellores condicións posibles: un obradoiro foi **Marca** persoal para xóvenes. A marca é ti e o outro foi un de **Coaching**.

Política Social recibe os voluntarios do programa de intercambios xuvenís e aumenta os destinos en 2016 a Cataluña, Inglaterra, Gales, Eslovenia, Alemaña, Noruega e Países Baixos

Mercres, 02 Marzo 2016 08:37



A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, recibiu hoxe en Vigo a voluntarios participantes no programa de intercambios xuvenís en colaboración coa **Rede Española de Albergues Xuvenís (REA)** e a **Asociación de Inglaterra y Gales de Albergues Xuvenís**, que a Consellería de Política Social promove por terceiro ano consecutivo. Deste xeito, a directora xeral, acompañada polo xerente da REAJ, Sergio Montoya, entregou os diplomas aos rapaces que, mediante o desenvolvemento deste programa, tiveron unha oportunidade única de experimentar, vivir e colaborar nos albergues doutro país co obxectivo de mellorar os seus coñecementos nun ambiente internacional.

En concreto, en 2015 a Dirección Xeral enviou a 20 mozos voluntarios a albergues de Inglaterra e Gales, mentres que a *Residencia Altamar de Vigo* recibiu a 6 persoas voluntarias procedentes de *Inglaterra*, *Gales*, e *Hungría*. En 2014 foron 8 os mozos e mozas galegos que participaron no programa de intercambio nun albergue do *Reino Unido*, mentres que a *Residencia Xuvenil Altamar* recibiu a dúas persoas voluntarias provenientes destes países.

O **obxectivo** principal do programa é potenciar o desenvolvemento profesional dos mozos, facilitándolles así a súa formación nas distintas actividades que se realizan nas instalacións dos albergues. Así mesmo, os rapaces adquiren un coñecemento intercultural durante a súa estancia no país de acollida, impulsando a aprendizaxe de idiomas, o respecto por outras culturas e formas de vida, e a súa influencia nas distintas ramas profesionais.

Precisamente hoxe tamén se publica na páxina web de voluntariado galego a convocatoria de 2016 convocatoria de 2016, que aumenta o abano de países participantes neste programa de intercambios, que vai dirixido a mozos e mozas de 18 a 30 anos que teñan inquiredanzas

profesionais, especialmente no mundo do alberguismo; que sexan voluntarios dalgunha entidade de acción voluntaria, ou ter colaborado con algunha nalgún momento anterior; que posúan o carné de alberguista en vigor durante o desenvolvemento do programa; e que teñan un coñecemento fluído do idioma principal do país de destino, sendo o nivel mínimo esixido de inglés o de B1.

Máis tempo e máis países

As novidades principais da convocatoria de 2016 con respecto a dos anos anteriores é o aumento do tempo de duración do intercambio, xa que nas convocatorias anteriores era de 2 a 4 semanas, e na de 2016 o tempo de permanencia vai ser de entre 2 semanas e tres meses. Incrementábase tamén o número de albergues e o seu país de procedencia, e tamén se da a posibilidade de que o intercambio sexa nun albergue nacional, neste caso, de Cataluña. Os países que se engaden aos preexistentes de Inglaterra e Gales son Eslovenia, Alemaña, Noruega e os Países Baixos.

Por outra banda, a directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado e o xerente de REAJ tamén se reuniron en Santiago cos responsables dos albergues xuvenís de Galicia. Na nosa comunidade están asociados a REAJ os albergues Art Surf Camp de Carballo; Monte do Gozo, en Santiago; os Biocos da Vianova, en San Xoán de Río; a residencia de Altamar, en Vigo; a residencia Florentino López Cuevillas, en Ourense; Gandarío, en Bergondo; o Lug II, en Lugo; o Equal, en Coles; e o das Corcerizas, en Vilar de Barrio.

A Xunta de Galicia e a de Castela e León comparten experiencias e estudan vías de colaboración en políticas xuvenís

Xoves, 03 Marzo 2016 08:59



A Xunta de Galicia e a de Castela e León analizan futuras vías de colaboración no ámbito da xuventude. A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez Suárez; e o seu homólogo no Goberno castelán e leonés, Eduardo Carozo Hermoso, mantiveron esta mañá en Santiago un encontro de traballo para poñer en común experiencias e ideas neste ámbito de actuación.

Ambos dirixentes autonómicos explicaron o peso das políticas xuvenís nos seus respectivos executivos. No caso do Goberno galego, a área de Xuventude, Participación e Voluntariado incrementou este ano 2016 o seu orzamento nun 15% con respecto ao pasado exercicio, ata sumar preto de 10 millóns de euros.

En canto ás liñas estratéxicas nesta materia ás que se dirixen os maiores esforzos orzamentarios, Vázquez Suárez sinalou que estas se centran no fomento da educación non formal a través do voluntariado, da creatividade, da iniciativa ou da mobilidade. O director de Castela e León tamén se mostrou interesado en estudar a Orde do 26 de febreiro de 2015 que regula a certificación das competencias adquiridas en programas de educación non formal, xa que polo momento Galicia é a única comunidade que, seguindo o modelo europeo, expide estes documento oficias.

Despois desta xuntanza, os responsables de Xuventude de Galicia e Castela e León acordaron estudar a posibilidade de colaborar intercambiando prazas nos programas que se organicen no futuro, de tal xeito que rapaces galegos poidan participar nos que teñan lugar en territorio castelán-leonés, e viceversa. Vázquez Suárez mostrou o seu interese en que nun futuro se poda concretar esta colaboración.

Política Social anima a mocidade galega a participar no desenvolvemento da programación de Xuventude a través dos 14 encontros que manterá ata o mes de abril

Xoves, 03 Marzo 2016 09:01



A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, mantivo hoxe no Espazo Xove de Noia a terceira xuntanza de traballo cos mozos e mozas das comarcas de Noia, Muros e O Barbanza que participaron ao longo de 2015 nos diferentes programas postos en marcha pola Dirección Xeral, entre eles Iniciativa Xove, Voluntariado Xuvenil, Galeuropa ou Deseñando o teu futuro.

A directora xeral asegurou que “estas xuntanzas forman parte da política de participación da mocidade nos temas do seu interese, xa que consideramos prioritario que tomen parte activa e se impliquen ao máximo nos plans de futuro e no desenvolvemento da programación de Xuventude”. Cecilia Vázquez tamén

dixo que “é imprescindible coñecer de primeira man cales son as inquedanzas e demandas dos mozos e mozas mediante a súa participación directa, para que os nosos plans e propostas se adapten ás súas preferencias”.

Estes encontros teñen como obxectivo escoitar as conclusións dos mozos á hora de participar nos diferentes programas, co fin de coñecer as súas ideas, queixas ou dúbidas pararecollelas e así poder mellorar as prestacións dos recursos que a Dirección Xeral programa para os mozos e mozas de Galicia.

Ademais, Cecilia Vázquez tamén mantivo unha xuntanza con alcaldes e concelleiros de xuventude destas comarcas, co obxectivo de coordinar e mellorar as políticas de mocidade que se prestan de xeito conxunto entre os concellos e a Administración autonómica e poder presentar a programación da Dirección Xeral para 2016.

En total, nos meses de febreiro, marzo e abril Cecilia Vázquez celebrará un total de 14 encontros con mozos e mozas de toda Galicia e cos responsables de xuventude dos concellos, das que xa se celebraron a de Chantada e Lugo. Ademais desta de Noia tamén se celebrarán en Melide, Ferrol, A Coruña, Lalín, Vilagarcía, Pontevedra, Santiago, Ourense, Vigo, Betanzos e Carballo.

A Dirección Xeral de Xuventude pon en marcha o programa Ágoraxove de participación da mocidade na vida social, económica e cultural de Galicia

Luns, 07 Marzo 2016 07:56

A directora xeral de Xuventude e Voluntariado, Cecilia Vázquez, acudiu hoxe á inauguración do programa de participación xuvenil ÁgoraXove en Vilalba, destinado a fomentar e consolidar o protagonismo dos mozos e mozas a través da creación de foros que faciliten a participación da xuventude galega na vida social, económica e cultural.



Na inauguración do primeiro dos doce foros que se desenvolverán no marco do programa, *Cecilia Vázquez* destacou que *"mediante iniciativas como estas, podemos apoiar a posta en marcha de ideas innovadoras no ámbito social e profesional e promover a participación e o diálogo, creando espazos de encontro entre os mozos, a administración e a sociedade civil, co fin de intercambiar información e experiencias sobre temas de interese para a mocidade"*.

A temática e o programa de actividades de cada un dos foros está deseñado en función das particularidades sociais, económicas e culturais do ámbito territorial no que se desenvolva. Deste xeito, o foro de Vilalba denomínase **ÁgoraRural** e o perfil do seu programa de actividades está enfocado ás oportunidades para os mozos e mozas nos pequenos e medianos concellos.

A primeira das mesas redondas estivo enfocada aos retos e oportunidades xuvenís no rural e contou con poñentes das esferas empresarial, educativa e financeira. **ÁgoraRural en Vilalba** contou coa participación do catedrático da *Universidade de Santiago*, *Jorge Mira*, que fixo unha reflexión en clave biográfica da pegada do rural na súa carreira profesional. Tras un monólogo en clave de humor sobre a educación non formal no rural a cargo de *Pedro Brandariz*, o foro rematou cunha mesa redonda onde 6 mozos e mozas relataron a súa experiencia creando novas oportunidades empresariais en concellos de pequeno tamaño no sector primario e nos eidos deportivo, social ou cultural.

Os asistentes aos **ÁgoraXove** son membros de entidades, asociacións xuvenís ou grupos informais; antigos participantes nos programas de *Xuventude*, *técnicos de Xuventude* e de *Emprego*, *concelleiros de Xuventude*, monitores e mozos e mozas en xeral.

Os foros tamén contarán cunha área de asesoramento sobre asociacionismo e participación nos programas de educación non formal da *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado*.

Ademais do **ÁgoraRural** celebrado en *Vilalba*, o programa **ÁgoraXove** celebrarase tamén en *Santiago*, *Palas de Rei*, *Ourense*, *Vigo*, *A Estrada*, *Betanzos*, *Bergondo*, *Marín*, *Vilanova de Arousa*, *Curtis* e *Ferrol*.

A iniciativa 'Parlamento Xove' celebra a súa fase clasificatoria coa presenza de 23 equipos pertencentes a 16 centros de ensino

Luns, 07 Marzo 2016 07:58



A *directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado*, *Cecilia Vázquez Suárez*, participou hoxe no *Centro Residencial Docente A Coruña* na segunda xornada da fase clasificatoria da **competición de debate Parlamento Xove**, unha iniciativa da *Consellería de Política Social* que pretende potenciar o diálogo como ferramenta para argumentar as ideas propias entre a mocidade galega. Ao respecto *Cecilia Vázquez* sinalou que *"os mozos e mozas son os auténticos protagonistas desta iniciativa, que convida ao diálogo, ao debate e a expresar as ideas propias, e invita a facelo nun escenario de respecto e tolerancia"*.

O programa **Parlamento Xove** está estruturado en dúas categorías diferenciadas por idades e tramo educativo: unha para alumnado de 3º e 4º de Educación Secundaria e outra para o de 1º e 2º de Bacharelato. Esta fin de semana na categoría de 1º e 2º de Bacharelato nesta fase clasificatoria participan un total de 23 equipos de 16 centros de ensino. Deste xeito, cun equipo participa: o *IES Eduardo Pondal de Santiago de Compostela*, o *CPR Plurilingüe Colexio Esclavas da Coruña*, o *IES David Buján de Cambre*, o *Colexio Junior's de Santiago de Compostela*, *SEK Internacional School Atlántico de Poio*, o *IES A Pinguela de Monforte de Lemos*, o *Centro Educativo Galén de Lugo*, o *IES Monte Castelo de Burela* e o *IES Chamoso Lamas do Carballiño*. E con dous equipos participan: o *IES Antón Fraguas de Santiago de Compostela*, *Colexio La Salle de Santiago*, o *IES de Mugar dos*, o *IES Pintor Colmeiro de Silleda*, o *IES Rodeira de Cangas do Morrazo*, o *IES Laxeiro de Lalín* e o *IES de Becerreá*.

Do total de equipos que participan nesta xornada preliminar, oito serán os que debaterán na final que descenderá ao longo do mes de abril no hemiciclo do *Parlamento de Galicia*, xunto cos outros oito de *Educación Secundaria Obrigatoria*. O tema para o debate final será anunciado pola organización no portal web da *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado*. En canto aos premios, os gañadores de cada categoría contarán cunha axuda para unha viaxe; no caso de *Bacharelato* de 5.000 euros e, para os alumnos da ESO, de 3.000 euros.

A responsable autonómica das políticas de *Xuventude* sinalou que *"con respecto, escoitando o que din as persoas que pensan diferente, tendendo pontes de entendemento e tratando de chegar a puntos de acordo, poden facerse debates útiles e construtivos"*. Neste sentido, explicou que *"os debates non son unha confrontación"*, e que *"o verdadeiro debate afonda na busca de puntos en común"*. Nesta liña, engadiu que *"a clave dun bo debate non está so en falar ben, senón tamén en saber escoitar"*, polo que *"o debate útil e produtivo é aquel que axuda a tender pontes polas que podamos avanzar todos xuntos"*, concluíu.

Oratoria e dialéctica

"Parlamento Xove" consiste nunha competición de debate na que os equipos representantes de centros educativos de toda Galicia empregan a oratoria para defender un determinado punto de vista acerca dun tema proposto pola organización. Os participantes de cada equipo -formado por catro alumnos e un profesor- investigarán, escribirán e, finalmente, debaterán sobre o tema proposto, incluíndose tamén a realización dun dossier de investigación. Nesta edición o tema para a fase clasificatoria é: **"Determina o papel do/a profesor/a o futuro dos mozos e mozas?"**. Nos seus sete anos de vixencia son 1.122 os participantes nesta iniciativa.

A dificultade da actividade está en que só cinco minutos antes de cada encontro dialéctico se procede ao sorteo da postura a adoptar por cada equipo, *"a favor"* ou *"en contra"*, en relación á cuestión formulada. Os equipos levaron a cabo unha labor de investigación previa e agora contraoñen e discuten datos e ideas.

Trátase de debates de carácter argumentativo; espazos de comunicación que permiten a discusión sobre o tema proposto e gañarán non os equipos que necesariamente teñan a razón, senón os que mellor sustenten as súas ideas. Durante o transcurso destes debates dialécticos, os mozos desenvolven valores como a capacidade de respectar a opinión dos demais, a colaboración cos compañeiros para elaborar as conclusións e fomentan a toma de conciencia no compartamento democrático.

Os **obxectivos** principais destes debates son: dar a coñecer e defender a postura sobre o tema proposto; dar elementos de xuízo claros na exposición; exercitar a expresión oral, a capacidade de escoitar e a participación activa e defender as opinións con xustificación.

Política Social entrega en Lousame 8 certificacións de experiencias de voluntariado xuvenil, un programa que 'da resposta aos novos retos de futuro para a mocidade'

Luns, 07 Marzo 2016 08:01

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, entregou hoxe as certificacións oficiais das experiencias adquiridas aos **8 mozos e mozas** de entre 18 e 30 anos que desenvolveron no *Concello de Lousame* o **proxecto de voluntariado xuvenil Xuventude Activa**, que contou con actividades de bibliopiscina, animación á lectura, dinamización do centro de día e apoio a actividades de ocio infantil e xuvenil como o campamento ou a ludoteca.

Galicia é a **única Comunidade Autónoma** que, seguindo o modelo europeo, certifica a experiencia voluntaria, unha das grandes novidades e vantaxes que se recolle na Lei de Acción Voluntaria de Galicia, o marco legislativo para o voluntariado que aprobou por unanimidade o **Parlamento de Galicia** en novembro de 2011.

A *Consellería de Política Social* achegou 4.800 euros para este proxecto a través do **Servizo de Voluntariado Xuvenil**, que segundo Cecilia Vázquez é "un programa de educación non formal pioneiro en toda España". A directora xeral tamén dixo que o **Consello da Xunta** aprobou este mes a **Estratexia de Acción Voluntaria 2016-2018** "que pretende, por unha banda, continuar e desenvolver o traballo realizado nos Plans anteriores e pola outra dar resposta aos novos retos e tendencias de futuro que, en materia de voluntariado percíbense na actualidade".

Cecilia Vázquez destacou a fortaleza da acción voluntaria de Galicia, que incrementa ano tras ano o número de voluntarios e o número de entidades inscritas no **Rexistro da Acción Voluntaria de Galicia**. Deste xeito, si en 2009 estaban inscritos 35,960 voluntarios e 720 entidades, nestes intres as persoas voluntarias son xa 38,930 e as entidades 875, un incremento do 8,5% e do 21% respectivamente.

En 2015 o **Servizo de Voluntariado Xuvenil** incorporou en toda Galicia a 830 mozos e mozas como voluntarios en 128 proxectos de entidades de acción voluntaria e concellos, cun investimento global de 500.000 euros. No total da provincia da Coruña os proxectos executados foron 57 e os voluntarios xuvenís 381.

As actividades prioritarias do **Servizo de Voluntariado Xuvenil** foron as de recuperación da cultura, arte e tradicións populares; as actividades con colectivos en situación de risco, colectivos xuvenís ou relacionadas coa igualdade de xénero; os programas de voluntariado no ámbito familiar e os de colaboración nos trazados xacobeos.

EN PORTADA ➔ NOVAS E ACTIVIDADES

Rutas Científicas, Artísticas e Literarias 2016

Mercores, 02 Marzo 2016 08:56



O *Ministerio de Educación* convoca axudas para participar no programa nacional para a educación complementaria de alumnos "**Rutas Científicas, Artísticas e Literarias**" durante o ano 2016.

Son axudas para **112 grupos de alumnos** compostos cada un por un número comprendido entre 20 e 24 alumnos acompañados de dous profesores dos que habitualmente lles imparten clase, aconsellando entre os mesmos a participación do seu titor, coa seguinte distribución:

32 grupos para alumnos de 5º e 6º de Educación Primaria.

64 grupos para alumnos de Educación Secundaria Obrigatoria.

16 grupos para alumnos de Bacharelato, Ciclos de Grao Medio de Formación Profesional e Ciclos de Grao Medio de Ensinos Artísticos.

Beneficiarios:

Grupos de alumnos de centros educativos españois ordinarios sostidos con fondos públicos, en territorio nacional, que cursen algún dos seguintes niveis educativos:

- 5º e 6º de Educación Primaria
- Educación Secundaria Obrigatoria
- Formación Profesional Básica
- Bacharelato
- Ciclos de Grao Medio de Formación Profesional
- Ciclos de Grao Medio de Ensinos Artísticos

Rutas de 2015

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **18 de marzo de 2016**.

Máis información no BOE do 1 de marzo de 2016 e en <http://www.educacion.es/>

Programas de educación ambiental en Zamora e Cantabria

Mercores, 02 Marzo 2016 09:25



O Ministerio de Educación convoca un **programa de educación ambiental en Zamora e en Cantabria**.

É un proxecto educativo que pretende propiciar a adquisición de coñecementos, hábitos e condutas que incidan no coidado e mellora da contorna ambiental, mediante a análise dos problemas derivados da relación do home co medio e a participación en actividades que levan á reflexión, o compromiso e a actuación responsable cara á contorna.

Así mesmo trata de fomentar hábitos de vida saudable e desenvolver un conxunto de valores como a responsabilidade, a perseveranza, o coñecemento de si mesmo, o respecto e a autoestima.

A actividade desenvólvese en **Villardecervos** (Zamora) e **Viérnoles** (Cantabria).

Requisitos

Grupos de alumnos que cursen 5º e 6º de Educación Primaria ou Educación Secundaria Obrigatoria.

O **prazo** de presentación de solicitudes estará aberto ata o **18 de marzo de 2016**.

Máis información no BOE do 1 de marzo de 2016 e en <http://www.educacion.es/>

Iniciativa Xove 2016

Xoves, 03 Marzo 2016 06:33



iniciativa xove

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado convoca o **programa Iniciativa Xove** que consiste en axudas económicas para a posta en marcha de iniciativas xuvenís, entendidas estas como proxectos liderados pola mocidade de Galicia, que se desenvolvan durante o ano 2016, e nos cales as persoas novas sexan as verdadeiras protagonistas, que participarán activamente na planificación e na realización das actividades deseñadas por elas mesmas.

A finalidade das subvencións é fomentar e consolidar a participación libre e eficaz da mocidade no desenvolvemento político, social, económico e cultural, así como promover a adecuada utilización do lecer, a calidade de vida e o benestar dos mozos e mozas da nosa comunidade autónoma, a través de proxectos integrais e específicos de actuación.

Considéranse áreas de atención prioritarias que se han desenvolver mediante as iniciativas xuvenís as seguintes:

- a) Iniciativa Xove Emprendedora:** proxectos que permitan á mocidade concretar as súas ideas no ámbito do emprendemento e da empregabilidade.
- b)** Proxectos de fomento de actitudes creativas, innovadoras, participativas e de liderado da xuventude na súa comunidade e no seu contorno, así como de fomento da accesibilidade de mozos e mozas con discapacidade a actividades culturais e de lecer.
- c)** Proxectos que permitan a participación en experiencias de educación non formal en distintos campos.
- d)** Proxectos relacionados coa creación de espazos para a comunicación e coas novas tecnoloxías.
- e)** Proxectos que fomenten a participación e a dinamización das mulleres novas galegas para que colaboren activamente na toma de decisións, na xestión e na execución desde o asociacionismo ou desde os grupos informais.
- f)** Proxectos que contribúan á conservación do medio ambiente e posta en valor do patrimonio natural.

Destinatarios/as:

- a)** Os grupos informais de mozos/as que desexen realizar unha iniciativa xuvenil.
- b)** As asociacións xuvenís e as entidades prestadoras de servizos á mocidade que carezan de interese de lucro e as súas respectivas federacións sempre que, no caso destas últimas, o proxecto que presentan non sexa o mesmo que o de cada unha das asociacións/entidades que as conforman.

Requisitos:

As asociacións xuvenís e as entidades prestadoras de servizos á xuventude e as súas respectivas federacións deberán estar inscritas no censo oficial dependente organicamente da *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado*.

Os grupos informais deberán estar formados por un mínimo de 5 e un máximo de 8 mozos/as con idades comprendidas entre os 18 e os 30 anos no momento de presentar a solicitude, debidamente identificados/as, e un/unha deles/as asumirá o papel de representante único do grupo e con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiario/a, lle corresponden ao grupo. Así mesmo, será necesario que o grupo teña unha denominación que o identifique.

Só se poderá presentar un proxecto por solicitante e o seu orzamento total non poderá ser superior a 5.000 euros.

Neste enlace podedes ver proxectos subvencionados en edicións anteriores:

<http://xuventude.xunta.es/iniciativa-xove.html>

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o **4 de abril de 2016**.

Pódese tramitar en <https://sede.xunta.es/> no procedemento **BS306B**.

Máis información no **DOG do 3 de marzo de 2016** e en <http://xuventude.xunta.es/iniciativa-xove.html>

MalariaSpot: Axuda a diagnosticar enfermidades mentras xogas

Xoves, 03 Marzo 2016 13:20



Segundo datos da **Organización Mundial da Saúde** máis de **3.000 millóns de persoas**, a metade da poboación mundial, están expostas á posibilidade de ser contaxiadas por malaria. As zonas de risco esténdense por 97 países do mundo en catro continentes (África, América do Sur, Asia e Oceanía) e en 2015 diagnosticáronse 214 millóns de casos que, segundo distintas estimacións, acabaron coa vida de case medio millón de persoas

O científico español **Miguel Luengo** ideou o xogo solidario **MalariaSpot**.

O mecanismo do xogo é moi sinxelo: baséase na idea de que a análise de sangue por parte de vinte persoas non expertas ten a mesma efectividade que a análise por parte dun experto. Polo tanto, a **Miguel Luengo** doutor en enxeñaría biomédica, ocorréuselle crear un xogo no cal tes que detectar a presenza do parásito da malaria (un protoctista do xénero *Plasmodium* transmitido por mosquitos) en mostras reais de sangue dixitalizadas. A aplicación inclúe un tutorial, no que explica como recoñecer ao parásito no sangue e como diferencialo das nosas defensas, os glóbulos brancos.


<http://malariaspot.org/es/>

Jugger en Santiago de Compostela

Venres, 04 Marzo 2016 11:25

O **Jugger** é un deporte de equipo que combina elementos de deportes de pelota con elementos de deportes de loita, no que dous equipos de **cinco xogadores** tratan de marcar tantos e impedir que o equipo contrario fágao. Ao **Jugger** xógase cunha pelota (*chamada jugg*) e unhas armas recubertas con materiais brandos.

O **jugger** non é un deporte que se base na forza bruta, senón na habilidade e a estratexia. Neste sentido, o regulamento limita en todo momento os impactos fortes e o contacto físico entre xogadores, fóra dos corredores.



A diferenza da maioría dos xogos similares, soamente un xogador de cada equipo (*o corredor*) está autorizado para tocar fisicamente o *jugg* e deberá facelo coas mans. Para conseguir un punto debe colocarse o jugg na zona rival concretamente dentro dunha marca (*denominada base*) situada en cada un dos dous extremos do terreo de xogo. O resto dos xogadores (*os pompfers*) portan armas e utilízanas para enfrontarse aos xogadores do equipo contrario e protexer ao seu corredor. Ao final, o equipo que marque máis tantos é o gañador.

Se queres coñecer este deporte pásate a partir das 10 h. polo *Campo de Fonseca* na Avenida das ciencias do Campus de Santiago de Compostela o día **13 de marzo**. Participarán **15 equipos** de toda Galicia cun total de 115 xogadores.

<http://fejuggger.es/>

NOVAS FORMACION

OUTROS CURSOS

Ferramentas para a Educación infantil

Venres, 04 Marzo 2016 10:38

FERRAMENTAS PARA A EDUCACIÓN INFANTIL

- ✓ RISOTERAPIA
- ✓ EXPRESIÓN CORPORAL
- ✓ PREV. DE ACCIDENTES
- ✓ CUIDADOS DA VOZ

O curso completo 90€
ou podes realizarlo por módulos

| | | | |
|--|--|--|---|
| INTRODUCCIÓN 01 de Abril 16:00h a 21:00h Precio: 30€ | EXPRESIÓN CORPORAL 02 de Abril 09:00h a 14:00h Precio: 30€ | PREV. ACCIDENTES 08 de Abril 16:00h a 21:00h Precio: 30€ | CUIDADOS DA VOZ 09 de Abril 09:00h a 14:00h Precio: 30€ |
|--|--|--|---|

Cruz Vermella de Santiago de Compostela organiza o curso **Ferramentas para a Educación infantil**

Contidos:

Risoterapia: 1 de Abril de 16:00 a 21:00. Coñecer e practicar as técnicas e dinámicas facilitadoras da risa no ámbito educativo incidirase na participación do grupo para realizar accións en común. Conceptos básicos. Beneficios da risa. Dinámicas e xogos: aplicación práctica.

Expresión corporal: 2 de Abril de 9:00 a 14:00. Introducir ós participantes en técnicas básicas de expresión corporal e de coñecemento das posibilidades comunicativas e interpretativas do corpo. Facilitar a perda do ridículo e potenciar a presenza escénica como ferramenta comunicativa de educación.

Prevención de accidentes: 8 de Abril de 16:00 a 21:00 h. Coñecer as principais condutas de risco dos nenos e nenas que en moitos casos poden levar consigo accidentes e ofrecer ferramentas para traballar a prevención e xerar un ambiente máis seguro e tranquilo

no ámbito escolar. Accidentes infantís: conceptos básicos, accidentes por idades. Importancia da prevención dos accidentes infantís na escola. Traballando a prevención de accidentes na aula. Técnicas e comportamentos

Coidados da voz para docentes: 9 de Abril de 9:00 a 14:00 h. Coñecer a importancia da comunicación e a linguaxe e facer un correcto uso da voz para evitar lesións, así como aprender e poñer en práctica as principais técnicas e ferramentas de coidado. Sistemas implicados na fonación. Importancia dos coidados da voz para un docente e as consecuencias dun mal uso da voz. Desenvolver técnicas básicas específicas de coidados e prevención

Para máis información: <http://formacion.cruzvermella.org/curso/herramientas-de-educacion-infantil-santiago>

Cruz Vermella. Av. Lugo 42. 15707 Santiago de compostela
Tfno: 981 586 969

Talleres formativos de UGACOTA en Vigo

Venres, 04 Marzo 2016 11:11



UGACOTA organiza un taller presencial gratuito en **Vigo**, do **8 ao 11 de marzo**, dentro da súa **Programación Formativa 2016** na **Rede Eusumo**, unha rede de fomento do cooperativismo e a economía social en Galicia.

Trátase dun curso de divulgación básica sobre as cooperativas, e tamén, sobre emprendemento en común, dinámico e participativo. Aprenderás cales son as características e o modo de funcionar destas organizacións. Coñecerás as vantaxes do sistema cooperativo á hora de poñer en marcha e de organizar distintas iniciativas e proxectos, e constatarás que este modelo atende distintas necesidades das persoas (traballo, consumo, servizos, etc.). Ademais, contaremos con casos e testemuñas de persoas que xa están en cooperativas.

Onde se celebra?

Entidade da Rede Eusumo Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía (Vigo).
R/ República Arxentina 18 A, Vigo.

Contacto: 986 136 592

nuria@ugacota.coop

<http://www.ugacota.coop/>

NOVAS FORMACION

CURSOS DE TEMPO LIBRE

Curso de Monitor/a de actividades de tempo libre en Coruña

Xoves, 03 Marzo 2016 08:59



A **Escola Galega de Tempo Libre** organiza un **curso de Monitor/a de actividades de tempo libre na Coruña**.

Datas: do 4 de abril ao 9 de xuño de 2016. O sábado **7 de maio** haberá unha saída ao aire libre.

Horario: do 9 a 14 h.

Lugar: Ronda de Outeiro 60, entrecán dereita. A Coruña.

Máis información na Escola Galega de Tempo Libre, teléfono 607 935 924.

<http://www.escolagalegadetempolibre.es/>

Curso de Director/a de actividades de tempo libre en Coruña

Xoves, 03 Marzo 2016 11:39



A **Escola Galega de Tempo Libre** organiza un **curso de Director/a de actividades de tempo libre na Coruña**.

Requisitos:

Estar en posesión do Título de Monitor de Actividades de Tempo Libre.

Estudios de Bacharelato ou equivalente.

Experiencia como monitor titulado de 250 horas ou 30 días en campamento.

Datas: do 19 de marzo ao 3 de xuño de 2016.

Horario: Sábados e dous domingos de 9:30 a 14:30 e de 16.00 a 21.00 horas.

Lugar: Ronda de Outeiro 60, entrecán dereita. A Coruña.

Máis información na Escola Galega de Tempo Libre, teléfono 607 935 924. <http://www.escolagalegadetempolibre.es/>

Curso de Monitor/a de actividades de tempo libre en Santiago

Xoves, 03 Marzo 2016 11:50



A **Escola de Tempo Libre Fesán** organiza en Santiago un curso de Monitor/a de actividades de tempo libre.

Datas: do 7 de marzo ao 3 de maio.

Horario: de luns a venres de 9:00 a 14:00.

Lugar: Fesán. Rúa de Amio 114. Polígono Costa Vella. Santaigo de Compostela.

Máis información en Fesán, teléfono 981 534 020.

<http://www.fesan.org/es/curso/monitoresas-de-tempo-libre/>

Curso de Monitor de tiempo libre en Narón

Xoves, 03 Marzo 2016 12:16



Este curso, inclúe **manipulador/a de alimentos**, e realizarase entre o **2 de abril e o 26 de xuño**.

O **prezo** é de 205 euros. Ten unha duración de 200 horas e 150 de prácticas.

Máis información tempusnaron@gmail.com

Tlf: 657 926 913 616 890 418.

Curso de Monitor/a de actividades de tempo libre en Vigo

Venres, 04 Marzo 2016 08:02



A **Escola de Tempo Libre Ferverza** organiza en Vigo **dous cursos de Monitor/a de actividades de tempo libre**, un en fins de semana e outro pola semana.

Datas: do 7 de marzo ao 29 de abril de 2016. **Horario:** de luns a venres de 9:00 a 14:00.

Datas: do 5 de marzo ao 8 de maio de 2016. **Horario:** de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 21:00.

Lugar: Ferverza. Camiño do Pombal 38. Vigo.

Máis información en Ferverza, teléfono 606 321 636.

<http://www.escolaferverza.es/>

Curso de Monitor/a de actividades de tempo libre en Riveira

Venres, 04 Marzo 2016 10:52



A **Escola de Tempo Libre Illas Atlánticas** organiza en Riveira un curso de Monitor/a de actividades de tempo libre.

Datas: do 19 de marzo ao 26 de xuño de 2016.

Horario: os sábados de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 21:00 e un domingo ao mes.

Lugar: na Escola de Tempo Libre Illas Atlánticas. Lugar de Touro 1, baixo. Portal 2. Riveira.

Máis información na Escola de Tempo Libre Illas Atlánticas, teléfono 630 065 790.

www.escoladasillas.com

BOLSAS E AXUDAS CONVOCATORIA XERAL

Becas permiso conducir Fundación Mapfre 2016. 190 becas (19/mes)

Mercores, 02 Marzo 2016 09:32

1.- ENTIDADE ORGANIZADORA/CONVOCANTE

Fundación Mapfre

2.- DESTINATARIOS:

- Superar o test de seguridade vial que se atopa na web do concurso.
- Ter entre 18 e 29 anos, ambos inclusive no momento de superar o test.
- Dispoñer de DNI ou tarxeta de residencia en España en vigor.
- Estar en situación de desemprego, polo menos, desde o 1 de xullo de 2015 ata o momento da solicitude.
- Vivir no domicilio familiar.
- Pertencer a unha familia de escasos recursos (aquelas unidades familiares cuxos ingresos anuais per cápita sexan inferiores a 15.000 €

3.- DATA LÍMITE:

Ata decembro de 2016

4.- MÁIS INFORMACIÓN:

Entre o día 25 e último de cada mes, entre febreiro e decembro de 2016 (salvo agosto) cunha duración de 10 meses, realizarase un sorteo no que o Sr. Notario seleccionará aleatoriamente un total de 100 participacións. As 19 primeiras corresponderán aos ganadores do mes.

As restantes corresponderán aos reservas dos ganadores por si non fose posible localizalos ou non cumprisen algún dos requisitos necesarios. O premio consiste en ofrecer un curso gratuito de Seguridade Vial e unha vez finalizado e superado o test, os mozos participarán no sorteo dunha das becas de 500 euros libres de impostos que se ofrecen para a obtención do permiso B ou superior.

5.- FONTE, PAGINA WEB OU PERSOA DE CONTACTO

Fundación Mapfre
Paseo de Recoletos, 23
28004 Madrid
Teléfono: 91 602 52 21
<https://www.fundacionmapfre.org/>

Becas para estudos de máster de Enerxía e Medio Ambiente en España

Xoves, 03 Marzo 2016 08:15

1.- ENTIDADE ORGANIZADORA/CONVOCANTE

Fundación Iberdrola España.

2.- DESTINATARIOS

Licenciados ou graduados de nacionalidade española que queiran realizar a súa especialización en institucións académicas españolas de excelencia dentro algunha das seguintes áreas de coñecemento: enerxías renovables, sistema energético sostenible, medio ambiente, tecnoloxías limpas de carbón e xestión de emisións, eficiencia energética, almacenamento de enerxía, vehículo eléctrico, redes de distribución intelixentes, Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC), tratamento de datos (Big Data) ou ciberseguridade.

3.- DATA LÍMITE

29 de marzo de 2016.

4.- MÁIS INFORMACIÓN

A duración da beca será como máximo dun ano natural. No proceso de selección valoraranse aspectos como as cualificacións académicas, o certificado de inglés, o currículo, e as cartas de referencia que presenten os aspirantes.

5.- FONTE, PAGINA WEB OU PERSOA DE CONTACTO

https://www.fundacioniberdrolaespana.org/webfund/gc/prod/es_ES/contenidos/docs/Bases_Master_Espana_2016.pdf

[\]https://www.fundacioniberdrolaespana.org/webfund/gc/prod/es_ES/contenidos/docs/Bases_Master_Espana_2016.pdf](https://www.fundacioniberdrolaespana.org/webfund/gc/prod/es_ES/contenidos/docs/Bases_Master_Espana_2016.pdf)

Convocadas subvencións da Deputación de Pontevedra a entidades sen ánimo de lucro na área da Xuventude

Venres, 04 Marzo 2016 11:56

